

Mércores, 28 de maio de 2025

Núm. 100

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTECESURES****Persoal, oposicións***CONVOCATORIA DE CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE TRABALLO DE EDUCADOR/A
FAMILIAR**ANUNCIO DA CONVOCATORIA DE CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE TRABALLO DE EDUCADOR/
DE FAMILIAR DO CONCELLO DE PONTECESURES.*

A Alcaldía ditou Resolución núm.: 2025-0576, con data de 22.05.2025, pola que aproban, a convocatoria e as bases que rexerán a constitución dunha bolsa de traballo para cubrir o posto de EDUCADOR/A FAMILIAR, mediante sistema de concurso-oposición.

As persoas que desexen participar neste proceso selectivo deberán presentar unha instancia cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral, na sede electrónica (pontecesures.sedelectronica.gal) ou páxina web do concello (www.pontecesures.org) e será dirixida á Alcaldía, con independencia de que se admitirá calquera outro modelo no que consten os datos da persoa solicitante, DNI, domicilio, teléfono/s de contacto e correo electrónico, e achegar a documentación esixida segundo a convocatoria.

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de instancias para participar na bolsa de traballo de EDUCADOR/A FAMILIAR será de 10 días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases publicaranse integramente na sede electrónica, no taboleiro electrónico do Concello de Pontecesures (pontecesures.sedelectronica.gal), e na páxina web (www.pontecesures.org).

Documento asinado dixitalmente á marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: UW1Q1AD008UY4WBJ

